

**-Finalmente, elixiu Vde. catorce poemas para componse catorce cancións. Puideron ser máis e puideron ser menos. Que criterios aplicou para a selección dos incluídos en *Haberá Primavera*?**

- Hai un ano, antes de comezar con este traballo, eu xa tiña musicalizados media ducia de poemas de Cunqueiro. Pero o que quixen facer desta volta, foi un monográfico sobre el, así que me puxen a musicar outros seis poemas que, ao final, resultaron ser máis, ata sumar ese total de catorce. Para este monográfico, tentei musicar o que non estaba feito de Cunqueiro, xa que Amancio Prada e Luís Emilio Batallán musicaran os poemas neotrobadorescos que estaban sobre todo no libro *Cantiga nova que se chama Riveira*. Porén, eu o que fixen foi explorar a liña nova de Cunqueiro, a que figura na poesía das súas últimas décadas, que son de autorreflexión e autocuestionamento, trátase dunha poesía mítica, moitas veces de ruptura de xéneros literarios... E iso atópase nomeadamente en *Herba aquí ou acolá*. Outra liña que seguíu foi a dos poemas vangardistas, cubistas e surrealistas que escribiu e publicou en *Mar ao norte* e en *Poemas do si e non*. A miña intención foi, dende o principio, evitar a toda costa os poemas neotrobadorescos. Non quería repetir o de Amancio Prada e Luís Emilio Batallán, se non presentar un Cunqueiro máis completo.

**-O feito de que este disco saia editado no ano do centenario, de que xeito afectou ao proceso de elaboración? Conlevou para Vde. unha dose engadida de responsabilidade ou traballou sobre os poemas como se o centenario non existise?**

- Honestamente, fixen este disco tendo presente que se achegaba o ano do centenario. Hai ano e pico, tiña previsto facer un disco diferente do de 1998, *Río de son e vento*, pensando máis en poemas meus e quizais doutros autores. De repente dixen: "Non me perdoaría a min mesmo, sendo cunqueirano desde sempre, que pasase o ano do centenario e non fixese este disco". Propúxenme, realmente, facelo para ser editado no ano 2011. Púxenme a traballar e nin tan siquera sabía a quen lle podía interesar o proxecto. Pensaba incluso en asumir a responsabilidade de todo, ata que falei con Víctor Freixanes, o director da Editorial Galaxia, quen aceptou a idea con moitísimo interese e ilusión desde o principio. Entón xa comezamos a gravar na primavera, marzo e abril, ata mediados de maio, e antes do verán xa tiñamos todo rematado. Tamén tiven moita sorte porque gravaron conmigo o máis granado dos músicos deste país, xente que provén do jazz, da música clásica... Persoalmente, estou encantado co resultado final.

**- Algúns dos poemas que seleccionou, non semellaban en principio os máis "musicais", como Vde. mesmo recoñece no texto que acompaña ao álbum. Que o empurrou, xa que logo, a buscarlles, e atoparlles, a melodía axeitada?**

- Nos poemas de *Herba aquí ou acolá*, que son de verso libre, non hai unha métrica regular, máis ben o contrario: son a

ruptura da regularidade e, polo tanto, atoparlles música resulta moito máis difícil que musicar estrofas de arte menor e regulares. O que tiña que facer, entón, era ir pouco a pouco, deixándome levar pola rítmica e máis a musicalidade que xa ten o propio verso. A miña música no é a da canción lixeira ou algo así, tampouco é folk; entón procurei coas melodías non contradicir a musicalidade que xa tiña de seu cada poema, aplicando o que me dicían a miña miña imaxinación e máis a miña intuición. E así foi como viñeron aparecendo as cancións.

**-Que cre que lle diría don Álvaro se vive, despois de escoitar este disco?**

- Coido que lle gustaría moito, porque eu podo asegurarte que está feito coa máxima sensibilidade, emoción e paixón pola miña parte. Tamén os músicos que cola-

boran contribúen a engrandecelo máis. Penso que é unha obra moi bonita.

**-Haberá máis discos enteiros seus sobre poemas de Cunqueiro ou con este labor dá xa por rematado o proxecto?**

- Sobre Cunqueiro, eu nunca remato nada. Levo trinta anos traballando arredor da súa obra. Fixenlle a derradeira entrevista -que vai íntegra no segundo CD que leva esta publicación- pouco antes da súa morte e mantívna inédita en audio ata o de agora. Cunqueiro sempre foi o autor ao que máis páxinas lle dediquei de críticas e de comentarios literarios. Respecto da música, podo dicir o mesmo: que continuarei, que non vou deixar de musicar poemas de Cunqueiro. O que non creo é que volva facer outro monográfico como este porque xa non tería moito sentido. Pero, xa digo, nunca deixarei de musicalizar

os seus textos.

**-O feito de procurar poemas na obra de Cunqueiro, para logo musicalizalos, fai de Vde. un especialista sui generis na poesía de don Álvaro. Cales cre que foron as principais aportacións de Cunqueiro á poesía galega?**

- Eu coido que Cunqueiro é un dos grandísimos renovadores da poesía galega, algo que é recoñecido, coido que xa case de xeito unánime, hoxe en día. Valórase por parte de críticos e analistas da nosa literatura que *Herba aquí ou acolá* veu influír na maior parte da xeración dos 80 -á que eu mesmo pertenzo-, mesmo no caso de Manuel Rivas. Trátase dunha poesía totalmente nova, que rompe cos modelos tradicionais e que, ademais, ten moitas claves singulares como xuntar o relato e máis o teatro nun mesmo poema. En fin, a



César Morán - CANTAUTOR

## “Nunca deixarei de poñerlle música a poemas de Cunqueiro”

*Tras as interpretacións musicais que de poemas de Álvaro Cunqueiro fixeron no seu día Amancio Prada e Luís Emilio Batallán, unha das noticias desde Centenario vén ser a edición de Haberá Primavera (Galaxia): un álbum integramente constituído por textos do escritor de Mondoñedo aos que César Morán se encargou de lles componse as músicas.*

LOURDES VARELA

obra de Álvaro Cunqueiro é totalmente decisiva no proceso de renovación da poesía galega.

O cantautor  
César Morán.

**- Agás excepcións, a chamada "canción de autor" non goza dun bo momento en Galicia. Por que acontece que os cantautores galegos non ollan máis para os nosos poetas -habéndoo tan bos como os si os hai- na procura de boas letras para as súas cancións?**

- A música galega hoxe chegou á calidade de hai trinta anos, pero debemos ter en conta que hai parcelas totalmente inéditas. Naquela que se acadaron as maiores cotas foi no espazo do folk, que iniciaron grupos como Milladoiro, e que hoxe en día están desenvolvendo de xeito moito máis vangardista grupos como Berrogüetto, por exemplo. Despois está tamén a música clásica, coa chegada de xente de fóra e máis a creación da Orquestra Sinfónica da Coruña e da Real Filarmónica en Santiago. A partir de aí, a música de autor e, ademais intimista, como a que fago eu, conforma un territorio inédito. Nos anos 60 e 70 era máis un interese desde o punto de vista político, revolucionario, pero non é o esteticismo desde o punto de vista lírico. Ese aspecto da canción intimista neste país aínda está virxe, pero a min, desde logo, a que me segue a interesar é precisamente a canción de autor intimista.